

As Teixoeiras, Bascoi – Mesía, 1984-03

Informante: Ramiro Uzal

Compilador: Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

1. Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira
miña nai teña vergonza
que vén a xente da feira
ai, miña nai teña vergonza
que é vén a xente da feira.

2. Ai, chamáchesme moreniña
porque nacín na revolta
inda ti non é-lo ghalo
que me dá-la viravolta
ai, inda ti non é-lo ghalo
que me dá-la viravolta.

3. Ai, rapaciña do meu tempo
chamáchesm' a min rapaz
durme comigo unha noite
pola mañá xa o dirás
ai, durme comigo unha noite
pola mañá xa o dirás-e.